

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN CLÚSTER SAÚDE DE GALICIA PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE ACTIVIDADES PARA IMPULSAR A COMPETIVIDADE, A INNOVACIÓN E A TRANSFERENCIA NO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO DO SECTOR SAÚDE NO PERÍODO 2026-2027

En Santiago de Compostela, a 10 de marzo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril de 2024 (DOG núm. 73, do 14.04.2024), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988 de 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007 do 27 de xullo, e polo Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2022), e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Dona María Rocío Mosquera Álvarez, na súa condición de presidenta do Clúster Saúde de Galicia (en adiante CSG) con NIF G70308143 e sede na Avda. Fernando de Casas Novoa, núm. 37, edificio CNL, Portal A-B, 1º andar, San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación desta en uso das atribucións que lle confire o artigo 12 dos Estatutos desta entidade e en virtude da aceptación do cargo de presidenta da data 29.06.2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que son obxectivos da Xunta de Galicia en xeral, e de GAIN en particular, apoiar e impulsar o I+D+i galego sobre a base dunha estreita conexión entre os ámbitos científico, empresarial, social e da propia Administración, coa finalidade de promover políticas e iniciativas que permiten potenciar a excelencia científica, a transferencia de coñecemento, o talento e a innovación, completando o ciclo de coñecemento entre a ciencia, a investigación e os sectores produtivos.

SEGUNDO.-

Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro; o Decreto 64/2016, do 26 de maio, o Decreto 125/2016, do 1 de setembro; o Decreto 85/2019, do 4 de xullo; o Decreto 105/2021, do 1 de xullo; o Decreto 225/2022, do 29 de decembro; e o Decreto 138/2024, de 20 de maio). Encóntrase adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

A Axencia Galega de Innovación verteбра a súa estratexia de impulso ao I+D+i galego sobre a base dunha estreita conexión entre os ámbitos educativo, científico, empresarial, social e da propia Administración, coa finalidade de promover políticas e iniciativas que permitan potenciar a excelencia científica, a transferencia do coñecemento, o talento e a innovación.

TERCEIRO.-

Que a entidade CSG, constituída ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito territorial na Comunidade autónoma de Galicia, dotada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente sobre asociacións (Núm. 2011/015855 – Sección 1 do Rexistro Central de Asociacións) .

Segundo o artigo 5 dos seus estatutos, CSG ten como fin principal *“dinamizar a competitividade de Galicia, contribuíndo ao desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma, a través da cooperación entre todas as institucións e empresas públicas e privadas relacionadas coa saúde e a sanidade, impulsando a excelencia empresarial no sector, agrupando a empresas, centros de investigación, entidades e institucións, para ofrecer novas oportunidades de servizos para os usuarios, tras a adquisición dun alto nivel de competitividade empresarial mediante a realización de proxectos de carácter innovador”*.

Ten ademais entre os seus obxectivos:

- Incrementar a capacidade de investigación, desenvolvemento e innovación da comunidade autónoma, promovendo un novo esquema industrial que facilite o desenvolvemento de produtos e servizos e a experiencia clínica.
- Consolidar as relacións existentes e crear novos vínculos entre os diferentes actores (administración, empresas e centros xeradores de coñecemento) como verdadeiro pulo á innovación.
- Incrementar a actividade nas empresas do sector.
- Crear unha contorna favorable para o desenvolvemento de empresas e atraer novas organizacións e institucións.
- Atraer, reter e fomentar a interacción do coñecemento e dos mellores profesionais do sector socio-sanitario e da saúde ao contorno galego.
- Contribuír á creación de riqueza, garantindo a sostibilidade do sistema socio-sanitario.

- Acceder a novos sectores e mercados xeográficos.
- Estructurar a cadea de valor sectorial en Galicia.
- Innovar e desenvolver novos servizos que melloren a calidade, o benestar e a seguridade na contorna dos servizos sociais.

De acordo cos obxectivos expostos, CSG configúrase coma unha plataforma profesional de colaboración público-privada e cooperación, que actúa como catalizador do sector sanitario e social das industrias do coidado, contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento económico e social da rexión de Galicia. Sendo un dos seus obxectivos claves o desenvolvemento e a internacionalización da innovación na saúde e en sectores de atención social.

A entidade representa a 6 grupos de CNAES do sector saúde: sanidade, educación, actividades profesionais, comercio, comunicacións e servizos auxiliares. Dentro destes, os seus membros agrúpanse en catro áreas, correspondentes ás súas cadeas de valor: asistencia, calidade de vida, coñecemento e estrutura (hardware e software). E inclúense entre eles, asociacións de pacientes, emprendedores, startups, pemes, multinacionais, así como universidades, centros tecnolóxicos, fundacións biomédicas, asociacións de pacientes/usuarios e colexios profesionais dos sectores da saúde e socio-sanitario.

CSG foi impulsada no ano 2011 por 15 entidades fundadoras e actualmente conta con máis de 90 membros, que representan máis do 7% do PIB da rexión e con actividade en máis de 100 países. Dende a súa fundación, CSG incrementou por 10 o financiamento anual; apoiou 60 proxectos a nivel rexional, nacional e internacional; participou como socio experto en 5 proxectos europeos (programas Interreg, POCTEP, Interreg Atlantic e H2020, Horizon Europe); e firmou varios convenios de colaboración, que lle permitiron triplicar a súa estrutura interna e multiplicar por seis o seu número de socios. Estes datos convirten a CSG no clúster máis representativa do sector da saúde en Galicia.

CSG desenvolve un modelo baseado na excelencia clínica, a I+D+i, a transformación dixital e o desenvolvemento de produtos de base tecnolóxica cuxo fin sexa o benestar da persoa.

CUARTO.-

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece que o Plan Galego de Investigación e Innovación é o instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia e confírelle no seu artigo 15.5 a consideración de plan estratéxico de subvencións, para os efectos do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na comunidade autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A RIS3 supuxo unha aposta sen precedentes polo sector da biotecnoloxía, polo seu papel destacado e esencial no desenvolvemento dos sectores estratéxicos para a comunidade, como o agromar-alimentario e a saúde.

No seu período 2021-2017, a RIS3 aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e da sociedade galega. Para darlles resposta, a estratexia orienta as capacidades e os esforzos de investigación e innovación en Galicia, por unha banda, cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos cales articula os instrumentos e actuacións que se desenvolverán integrados nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden dirixirse a prioridades e ámbitos de priorización concretos ou ser horizontais en relación cos retos e prioridades.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo ao reto 3 (Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e á prioridade 3 (Enfoque cara ás persoas). Ten como obxectivo estratéxico completar e consolidar as cadeas de valor (obxectivo estratéxico 3), integrándose, polo tanto, no programa Completa e transfire da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Colaboración estratéxica do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

QUINTO.-

Que o Plan Galego de investigación e innovación 2025-2027 é o instrumento de planificación operativa da Xunta de Galicia para abordar durante o período 2025-2027 os retos e prioridades definidos na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, o marco instrumental que estrutura todas as accións de I+D+i da Administración autonómica.

O seu obxectivo é definir os instrumentos, medidas e actuacións de apoio á I+D+i que a Xunta de Galicia implantará no período 2025-2027 e detallar os fondos públicos que se destinarán a este fin.

A biotecnoloxía forma parte do plan como unha das apostas fundamentais da Xunta de Galicia para o novo período, constituíndo unha das catro iniciativas transversais estratéxicas, denominadas de alto impacto, que permitirán concentrar recursos e materializar apostas concretas nos ámbitos de maior oportunidade para Galicia, como é a Biotecnoloxía, tanto no eido científico como empresarial.

A aposta estratéxica pola biotecnoloxía permite acelerar a adopción de solucións avanzadas, promover a internacionalización das empresas galegas e contribuír de forma significativa á sustentabilidade e resiliencia dos sectores produtivos.

SEXTO.-

Que en 2016 a Xunta de Galicia puxo en marcha a primeira estratexia para o impulso da biotecnoloxía en Galicia, a cal sentou as bases da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía

para o período 2021-2025. Este documento táctico asume a misión de situar a Galicia como polo de referencia en biotecnoloxía, fixando as liñas de actuación ata o horizonte do ano 2025.

Tanto a Estratexia de Impulso como a de Consolidación, definen unha serie de subsectores prioritarios: o aproveitamento dos recursos mariños e pesqueiros, a alimentación funcional e o envellecemento activo, os novos produtos e procesos para o sector lácteo, as novas tecnoloxías para o medicamento personalizado, a eficiencia na sanidade animal e derivados e a innovación aberta para o descubrimento de fármacos, aos que se suman como subsector transversal ou das tecnoloxías facilitadoras: tics e bioinformática, química biolóxica, xenética, bioenxeñería e tecnoloxías ambientais.

A Xunta de Galicia vai continuar co apoio específico prestado dende o ano 2016 ao sector biotecnolóxico de Galicia a través das sucesivas estratexias, definindo un novo plan para o período 2026-2030 que contribúa a acadar a excelencia do sector biotecnolóxico en Galicia.

SÉTIMO.-

Que as agrupacións empresariais innovadoras son estruturas organizadas entre diversos actores económicos concibidos para estimular actividades innovadoras e novas formas de colaboración, así coma para o intercambio e transferencia de coñecementos, a creación de redes, a difusión de información e a colaboración entre as empresas e outras organizacións.

OITAVO.-

Que CSG responde á definición de agrupación empresarial innovadora -ou clúster- establecida no artigo 2 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, no sentido de que persegue a cooperación entre diversas institucións e empresas públicas e privadas relacionadas co sector da saúde e a sanidade en Galicia, estimulando a posta en marcha de actividades innovadoras e de novas formas de colaboración, así como o intercambio de coñecementos e a contribución efectiva á transferencia destes á industria da saúde.

Ao mesmo tempo, CSG, de acordo co artigo 1 e 2 do anexo I do devandito regulamento europeo, cumpre cos requisitos de efectivos e límites financeiros establecidos para estar considerada coma unha empresa da categoría de peme, ao ser unha asociación que exerce, de forma regular, unha actividade económica ofertada a partir dun catálogo cos seguintes servizos: servizo base de representación e consulta, servizo Kit Saúde +, servizos de internacionalización e servizos de asesoramento específico.

NOVENO.-

Que o plan de colaboración proposto pola CSG para os anos 2026 e 2027 configúrase como axeitado para contribuír a acadar o concreto interese da Xunta de Galicia na promoción da biotecnoloxía no eido sanitario e da saúde e, consecuentemente, como medida idónea para complementar as actuacións que GAIN está implementando para apuntalar os avances alcanzados no sector biotecnolóxico empresarial galego. Todo isto en liña cos obxectivos e actuacións da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía, coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, e co Plan Galego de investigación e innovación 2025-2027.

DÉCIMO.-

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través de GAIN, e CSG consideran que estes convenios de colaboración son un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia en Galicia, xa que promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados de calidade.

Dada a especificidade do obxecto do convenio non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións deste, debido ás especiais características e singularidade de CSG, na súa condición de entidade integradora dos intereses do sector sanitario e da saúde en Galicia.

Por todo o anterior, a subscripción do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos do sector e de interese xeral

pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro , de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes,

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre GAIN e CSG para a realización e execución de actuacións que impulsen o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego no eido sanitario e da saúde , así como da súa cadea de valor (universidades, centros, empresas, startups...). Deste xeito, búscase seguir potenciando o desenvolvemento da biotecnoloxía, como Tecnoloxía Facilitadora Esencial (TFE), e o apoio aos diversos sectores produtivos de Galicia, favorecendo neste caso, en concreto, o negocio do sector sanitario e da saúde.

As actuacións a desenvolver ao amparo do presente convenio detállanse no Anexo I do presente convenio, e estarán destinadas a:

- Actuación 1: potenciar a capacidade de innovación do clúster e os servizos innovadores que presta aos seus asociados e ao conxunto do ecosistema biotecnolóxico de Galicia.
Dita acción consta de tres accións:
 - Acción 1.1. Servizo de vixilancia tecnolóxica e de mercados para incrementar as capacidades de transferencia e dinamización do ecosistema.

- Acción 1.2 Servizo de asesoramento e soporte ao ecosistema de saúde no seu proceso de adaptación ás obrigas derivadas do regulamento de Intelixencia Artificial (e dispositivos sanitarios).
- Acción 1.3 Radar de oportunidades para o ecosistema de saúde: opcións de financiamento e participación en proxectos vinculados á saúde dixital, especialmente respecto da Intelixencia Artificial e os espazos de datos.
- Actuación 2: reforzo do rol do CSG na dinamización e seguimento do subsector biotecnolóxico aplicado á saúde. Dita actuación consta de catro accións principais:
 - Acción 2.1. Premios RIES.
 - Acción 2.2. Presenza institucional e representación Internacional do CSG.
 - Acción 2.3. Comunicación institucional, visibilidade e difusión internacional da marca "Galicia, the best way in biotechnology"
 - Acción 2.4. Capacidades técnicas e operativas para o soporte das iniciativas do CSG no eido biotech-saúde e IA aplicada.

SEGUNDA.- Financiamento

As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 349.409,09 €, para o que GAIN, concede unha subvención a fondo perdido de 250.000,00€.

GAIN financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 07.A2.561A.781.0 (código de proxecto 2019-00001) dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027, nos cales existe crédito adecuado e suficiente, de acordo coa seguinte distribución:

	ANO 2026	ANO 2027	Total
Orzamento total	163.045,46 €	186.363,63 €	349.409,09 €
Axuda GAIN total	125.000,00 €	125.000,00 €	250.000,00 €

A modificación da distribución inicialmente aprobada rexeráse segundo o previsto no artigo 26.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, de ser o caso, o reaxuste de anualidades farase de acordo co preceptuado no artigo 27 do mesmo corpo legal.

O convenio asinarase de acordo coa Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, que posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables e intensidade das axudas

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no anexo II e que se realicen no período comprendido entre a data da sinatura e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables, os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE.

2. A contía máxima da axuda que pode ser concedida a CSG determinarase sobre o investimento total que se subvenciona e será conforme cos límites de intensidade previstos nos artigos 27 e 28 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior (DOUE núm. 187 do 26.06.2014), tendo en conta o seguinte:

- i. Nas accións relativas á actuación 1 do Anexo I, serán subvencionables os custos de servizos externos para o asesoramento e apoio en materia de innovación, de

conformidade ao artigo 28.4.2 do do Regulamento (UE) núm. 651/2014, e cunha intensidade máxima do 100%, sempre no caso de que a entidade non recibise, ou teña en execución, axudas para servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación superiores a 220.000,00 € nos últimos tres anos naturais (incluído o ano da presente convocatoria) en calquera período de 3 anos. No caso de superarse o límite antes citado, a intensidade de axuda estará limitada ao 50 % dos custos subvencionables para estes servizos.

A estes efectos, entenderanse estes servizos de conformidade coas definicións do artigo 2 do regulamento (UE) núm. 651/2014 seguintes:

- Custos de servizos de asesoramento en materia de innovación: consultoría, asistencia e formación nos ámbitos da transferencia de coñecemento, a adquisición, protección e explotación de activos inmateriais, e o uso de normas e regulamentos que os incorporan, así como a consultoría, a asistencia ou a formación sobre a introdución ou a utilización de tecnoloxías e solucións innovadoras (incluídas as tecnoloxías e as solucións dixitais).
 - Custos de servizos de apoio en materia de innovación: o subministro ou accesos a bases de datos e servizos de almacenamento de datos, bibliotecas, estudo de investigación de mercados, laboratorios, etiquetaxe de calidade, ensaio, experimentación e certificación ou outros servizos relacionados – incluídos os servizos prestados por organizacións de difusión de investigación e coñecementos, infraestruturas de investigación e infraestruturas de ensaio e experimentación ou outras agrupacións empresariais innovadoras distintas do CSG, co fin de desenvolver produtos, procesos ou servizos máis eficaces ou tecnoloxicamente avanzados, incluída a aplicación de tecnoloxías e solucións innovadoras (incluídas as tecnoloxías e as solucións dixitais).
- ii. Nas accións relativas á actuación 2 do Anexo I, serán subvencionables os custos de persoal e custos administrativos (servizos e colaboracións externas, gastos de viaxes relacionadas coas accións incluídas no Anexo I, e gastos xerais, entendidos estes coma os custos indirectos) relativos ao funcionamento da agrupación empresarial innovadora,

de conformidade ao artigo 27.8 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, e cunha intensidade máxima do 55%, para levar a cabo a actividade da agrupación relativas a:

- facilitar a colaboración, o intercambio de información e a prestación ou a canalización de servizos especializados e personalizados de apoio ás empresas,
- a comercialización da agrupación para aumentar a participación de novas empresas u organizacións e reforzar a visibilidade,
- a xestión das instalacións da agrupación, a organización de programas de formación, talleres e conferencias para fomentar o intercambio de coñecementos e o traballo en redes, así como a cooperación transnacional.

O custo imputable por custos indirectos será o importe resultante de aplicar unha porcentaxe do 20% aos custos directos subvencionables da actuación 2, e non precisarán de xustificación adicional.

Detalle orzamentario por conceptos:

CUSTOS	ANO 2026	ANO 2027	Total
Actuación 1: potenciar a capacidade de innovación do clúster e os servizos innovadores que presta aos seus asociados e ao conxunto do ecosistema biotecnolóxico de Galicia	78.500,00 €	50.000,00 €	128.500,00 €
1.1. Custos de servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación	78.500,00 €	50.000,00 €	128.500,00 €
Actuación 2: reforzo do rol do CSG na dinamización e seguimento do subsector biotecnolóxico aplicado á saúde	84.545,46 €	136.363,63 €	220.909,09 €
2.1. Custos de persoal	21.454,55 €	55.500,00 €	76.954,55 €
2.2. Servizos e subcontratacións	40.500,00 €	43.071,36 €	83.571,36 €
2.3. Gastos de viaxe	8.500,00 €	15.065,00 €	23.565,00 €
2.4. Custos indirectos (20% do sumatorio custos directos 2.1, 2.2 e 2.3)	14.090,91 €	22.727,27 €	36.818,18 €
ORZAMENTO TOTAL	163.045,46 €	186.363,63 €	349.409,09 €

AXUDA TOTAL	125.000,00 €	125.000,00 €	250.000,00 €
Axuda para Custos relativos a Actuación 1 (100%)	78.500,00 €	50.000,00 €	128.500,00 €
Axuda para Custos relativos a Actuación 2 (55%)	46.500,00 €	75.000,00 €	121.500,00 €

4. Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, CSG poderá subcontratar o 100% dos gastos considerados de funcionamento da agrupación subvencionados ao abeiro do presente convenio. A contratación con terceiros dos servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación non se considera, en ningún caso, subcontratación por ser servizos de apoio nos que ten que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Respectando os límites establecidos no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta lei.
- Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dous servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, o artigo 27.3 da citada Lei 9/2007 establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.

- Que a súa subscrición a autorice previamente, a entidade concedente da subvención, por escrito.

5. No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere os 15.000 euros no global do proxecto para un mesmo provedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía, e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6. En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, GAIN poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

7. Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.– Compromisos, publicidade e autorizacións

1. CSG comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:

- Declaración responsable de que cumpre coa condición de peme de acordo coas especificacións do artigo 2 do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 na data da sinatura e que notificará calquera cambio que modifícase a súa inclusión dentro desta categoría.
- Documento acreditativo da inscrición dos estatutos, así como das súas diferentes modificacións no rexistro administrativo correspondente.

- Certificación do representante legal da entidade na que conste a identificación dos seus directivos, así como a data do seu nomeamento e modo de elección.
- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de que non ten a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
- Declaración responsable de que non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou recibidas durante os últimos 3 anos en virtude do artigo 28 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior (DOUE núm. 187 do 26.06.2014),

- Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.

- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta resolución, e conservar a documentación xustificativa

relativa a esta subvención durante un prazo de cinco anos, contados a partir do ano en que rematan as actividades obxecto da axuda.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos de GAIN co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar a GAIN a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

- Facer constar expresamente a colaboración prestada por GAIN, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do seu correspondente logotipo identificativo.

2. CSG dá consentimento expreso á GAIN para:

a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

QUINTA.– Condicións de pagamento.

1. Conforme ao estipulado no artigo 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, GAIN, efectuará o pagamento anualmente da cantidade estipulada no convenio a CSG, previa comprobación da

realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada en GAIN, conforme o sinalado a continuación:

	ANO 2026	ANO 2027
Orzamento total	163.045,46 €	186.363,63 €
Axuda GAIN	125.000,00 €	125.000,00 €
Período de realización de gastos	Dende a sinatura ata o 31.10.2026	Dende o 1.11.2026 ata o 31.10.2027
Data límite presentación documentación xustificativa	Ata o 12.11.2026	Ata o 12.11.2027

2. En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución até o fin do prazo de presentación da documentación xustificativa indicada no cadro anterior, sempre que se respecten os prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en aplicación da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de crecemento e creación de empresas.

3. Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por se axustaren aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.

4. De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, GAIN, minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

5. Para a xustificación de cada pagamento, CSG achegará a documentación que se relaciona na cláusula seguinte acompañada dun informe/memoria das actividades desenvolvidas.

6. O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

7. Por resolución motivada de GAIN, previa solicitude debidamente xustificada de CSG, poderán autorizarse pagos anticipados de ata o 70% do importe do convenio naqueles casos en que o

investimento esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009. Estes anticipos non poderán superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Para a primeira anualidade, poderase solicitar ata o 100% do importe acordado para este período. Segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, a suma dos pagos a conta e dos anticipos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Se CSG quixera solicitar o anticipo, deberá presentar a solicitude no modelo do anexo III e deberá achegar a seguinte documentación complementaria:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin, de todas as administracións públicas.
- Certificación bancaria actualizada onde se materializará o pago.

O anticipo da segunda anualidade pagarase tras a revisión por parte de GAIN da xustificación da primeira anualidade. No caso de que a xustificación da primeira anualidade sexa insuficiente e dea lugar a unha minoración da subvención, detraerase do importe para pagar, de ser o caso, no anticipo da segunda anualidade.

8. A realización dos citados pagamentos parciais á conta e anticipados, está exenta da constitución de garantías polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.– Forma de xustificación.

1. Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e con arranxo ao sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, CSG deberá presentar:

1.1. Unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento de cada unha das actuacións obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado para cada unha das actuacións, con indicación do cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade.

1.2. Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

- A) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do concepto de gasto, acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
- B) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf. dos documentos orixinais.
- C) Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente; o número e o importe total da factura satisfeito. De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na cláusula seguinte do presente convenio o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade coa relación detallada das facturas ou alternativamente un

certificado de ter recibido o pagamento das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

No caso de custos de persoal:

- Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable de CSG, consistente nunha relación detallada, por meses, do persoal dedicado ás actividades obxecto do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo a entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e seguridade social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do convenio.
 - Copia das nóminas do persoal adicado ás actividades do convenio e copias dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento.
- D) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable só para os casos en que o seu importe non sexa recuperable total ou parcialmente. Neste caso, deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE, de exención ou rateo.
- E) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, iguale ou supere os 15.000 euros no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese

recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

- F) Acreditación da publicidade realizada do financiamento de GAIN nas actividades financiadas polo presente convenio.
- G) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Así mesmo, deberá presentar:

- a) Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de que o beneficiario se opoña a consulta polo órgano xestor.
- b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.

3. GAIN resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

4. CSG presentará toda a documentación de xeito electrónico a través do procedemento PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica>), cubrindo o modelo de solicitude xenérica e presentando a documentación como arquivos

anexos á dita solicitude con indicación da referencia CVGAIN_CSG_2026 no asunto. A solicitude deberá dirixirse á Axencia Galega de Innovación dentro da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Pola súa parte, GAIN realizará calquera requerimento por escrito a través do Sistema de notificacións de Galicia-Notifica.gal

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención concedida para a Actividade 1 será incompatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades, xa que financian o máximo permitido dos custos subvencionables obxecto do convenio, conforme co establecido no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, artigos 27 e 28. A subvención concedida para a Actividade 2 poderá ser compatible con outras axudas ou subvencións sempre que conxuntamente non superen o custo do total dos mesmos.

OITAVA.- Seguimento e evolución do convenio

1. Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN, un deles actuando como presidente e outro como secretario, e dous representantes de CSG, designados a tal efecto por cada parte.

2. Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- Propor a GAIN variacións entre os importes asignados ás diferentes actuacións subvencionables recollidas no orzamento do convenio (Anexo II), que supoñan modificacións en algunha das actuacións subvencionables superiores ao 20% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

- As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

3. A Comisión reunirase as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes.

4. Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control

1. GAIN poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

2. En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

1. Co fin de facilitar a execución do convenio e a petición de CSG, poderá modificarse por resolución da dirección de GAIN a redistribución da axuda concedida entre as distintas actividades e accións, así como entre diferentes conceptos de gasto previstos no Anexo II, respectando sempre a intensidade máxima de axuda para cada actividade. Requirirase o informe favorable da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula oitava do convenio.

Todas estas modificacións deberán ser propostas previamente á Comisión de Seguimento e Coordinación do presente convenio.

Non se considera modificación substancial a redistribución do gasto entre as diferentes partidas e accións, sempre que sexa inferior ao 20% do custo total e non afecte aos obxectivos do convenio. Neste caso, informarase á citada comisión de seguimento.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. Dita modificación formalizarase mediante a correspondente addenda.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con GAIN, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Autonomía do beneficiario

CSG manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, CSG será propietario intelectual dos traballos resultantes, co compromiso de poñelos a disposición de todas as empresas do sector biotecnolóxico de Galicia de forma indiscriminada.

DÉCIMO TERCEIRA.- Resolución

1. Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.
- O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

3. Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable recollido no anexo II do convenio, coas consecuencias previstas no paragrafo anterior.

4. No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no anexo II, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

5. O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza e resolución de conflitos

1. O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

2. GAIN ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

3. As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades de I+D+i sen ánimo de lucro por parte dunha agrupación empresarial innovadora, que á súa vez cumpre coa condición de peme, segundo as definicións recollidas no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión. Este programa de actividades redundará no beneficio de todas as empresas do sector biotecnolóxico, especialmente do sector sanitario e da saúde, dun xeito indiscriminado sen que supoña beneficio económico para CSG, polo que cumpre normativa europea de aplicación.

4. O obxectivo é estimular a actividade investigadora mediante o intercambio de coñecementos, a contribución efectiva á transferencia de coñecemento, a difusión de información e a colaboración entre as empresas e outras organizacións da agrupación.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia do convenio

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 12 de novembro de 2027.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional e
presidente da Axencia Galega de Innovación,

A presidenta do Clúster Saúde de Galicia,

Román Rodríguez González

María Rocío Mosquera Álvarez

ANEXO I - FICHAS DE ACTUACIÓNS A REALIZAR NO CONVENIO CSG | GAIN 2026 – 2027

As actuacións que levará a cabo o CSG en colaboración con GAIN son as seguintes:

- **Actuación 1: potenciar a capacidade de innovación do clúster e os servizos innovadores que presta aos seus asociados e ao conxunto do ecosistema biotecnolóxico de Galicia**
 - Acción 1.1. Servizo de vixilancia tecnolóxica e de mercados para incrementar as capacidades de transferencia e dinamización do ecosistema.
 - Acción 1.2 Servizo de asesoramento e soporte ao ecosistema de saúde no seu proceso de adaptación ás obrigas derivadas do regulamento de Intelixencia Artificial (e dispositivos sanitarios).
 - Acción 1.3 Radar de oportunidades para o ecosistema de saúde: opcións de financiamento e participación en proxectos vinculados á saúde dixital, especialmente respecto da Intelixencia Artificial e os espazos de datos.
- **Actuación 2: reforzo do rol do CSG na dinamización e seguimento do subsector biotecnolóxico aplicado á saúde**
 - Acción 2.1. Premios RIES.
 - Acción 2.2. Presenza institucional e representación Internacional do CSG.
 - Acción 2.3. Comunicación institucional, visibilidade e difusión internacional da marca “Galicia, the best way in biotechnology”.
 - Acción 2.4. Capacidades técnicas e operativas para o soporte das iniciativas do CSG no eido biotech-saúde e IA aplicada.

A continuación detállanse os orzamentos e o alcance de cada unha das actuacións:

ACTUACIÓN 1. CUSTOS RELATIVOS A SERVIZOS EXTERNOS PARA O ASESORAMENTO E APOIO EN MATERIA DE INNOVACIÓN

Acción 1.1	Servizo de vixilancia tecnolóxica e de mercados para incrementar as capacidades de transferencia e dinamización do ecosistema
Obxectivo	Identificar oportunidades de innovación, transferencia tecnolóxica, obtención de financiamento e comercialización de solucións biotecnolóxicas galegas nos principais polos internacionais de referencia en <i>biotech</i> e saúde. O propósito desta iniciativa é impulsar a colaboración estruturada entre Galicia e estes contornos, fortalecendo as capacidades do ecosistema galego para participar en redes globais de I+D+i, transferencia tecnolóxica e emprendemento, atraer investimento, xerar alianzas estratéxicas e posicionar a Galicia como socio preferente en innovación en saúde e biotecnoloxía.
Actividades	Realizaranse estudos sobre as capacidades de rexións de referencia en <i>biotech</i>-saúde cunha perspectiva ampla en canto aos diferentes elos da cadea de I+D+i. Analizaranse as capacidades de transferencia do ecosistema, así como a posible dinamización dos axentes do sector saúde de Galicia. En concreto, estudarase e asesorarase sobre como favorecer a creación de redes que dean soporte ás necesidades transversais de toda a cadea de valor. Complementaranse as accións de estudo coa realización de misións enfocadas ao coñecemento in situ das experiencias doutros axentes internacionais. As actividades artéllanse a través de Learning Expeditions (LEX) seguindo unha metodoloxía estruturada baseada no coñecemento directo e na experiencia xa consolidada de traballo cos ecosistemas seleccionados. Vixilancia tecnolóxica e de mercados no estranxeiro Desenvolveranse dous estudos estratéxicos sobre ecosistemas internacionais de referencia no ámbito biotecnolóxico, que poderían incluír territorios como Estados Unidos ou China, en función da súa pertinencia e do valor que poidan achegar ao ecosistema galego. Estes estudos analizarán a estrutura institucional, as capacidades científicas, tecnolóxicas e industriais, así como os modelos de colaboración público-privada dos territorios seleccionados. No caso de que se manteña a liña de traballo con Estados Unidos iniciada en anualidades anteriores, procurarase dar continuidade ás accións xa realizadas, co obxectivo de consolidar relacións,

	transformar contactos preliminares en colaboracións efectivas e maximizar o retorno das actividades desenvolvidas. - Os estudos identificarán oportunidades de transferencia tecnolóxica, codesenvolvemento e coinvestimento para entidades galegas, con foco en áreas emerxentes como terapias avanzadas, diagnóstico molecular, saúde dixital e bioproductos. Learning Expeditions (LEX): - Organizaranse 4 misións internacionais baixo o modelo Learning Expedition (LEX), que combina preparación, execución e seguimento con plans de acción individualizados e apoio técnico para formalizar acordos e medir o seu impacto. Polo menos 2 das 4 deberán ser misións directas. Dinamización e transferencia ao ecosistema galego - Os resultados dos estudos e misións transferiranse ao conxunto do ecosistema galego mediante xornadas técnicas, materiais de apoio e asesoramento especializado. - Fomentarase a creación de redes permanentes de cooperación entre Galicia e as rexións de referencia identificadas como prioritarias. - Identificaranse programas e instrumentos internacionais que impulsen a continuidade das iniciativas xurdidas.
Impactos cualitativos agardados	a) Establecemento de relacións institucionais e empresariais sólidas con dúas rexións líderes en biotecnoloxía e saúde. b) Incremento da visibilidade internacional do ecosistema galego e do seu posicionamento como socio estratéxico en innovación. c) Xeración de acordos de colaboración e proxectos conxuntos de I+D+i entre entidades galegas e as súas contrapartes estadounidenses e chinesas estranxeiras, tentativamente chinesas e estadounidenses. Mobilización de recursos financeiros (públicos e privados). d) Transferencia de coñecemento bidireccional que reforce as capacidades de innovación e competitividade de Galicia. e) Consolidación dunha metodoloxía de cooperación internacional replicable noutros ámbitos tecnolóxicos.
Indicadores cuantitativos	2 informes de vixilancia tecnolóxica e de mercados sobre os <i>hubs</i> máis relevantes do sector bio-saúde. 4 <i>Learning Expeditions</i> (LEX) realizadas. - Mapa de capacidades e oportunidades de crecemento en Galicia. 4 Informes de resultados e seguimento (un por cada misión). 1 Informe global de impacto e recomendacións estratéxicas.
Entregable	- Informes de vixilancia tecnolóxica e de mercados. - Catro informes de misión (<i>LEX Reports</i>) con resultados e plans de seguimento. - Mapa de capacidades e oportunidades do ecosistema galego en

	relación con ambos mercados. • Informe final de avaliación do impacto e recomendacións estratéxicas.		
Orzamento	2026	2027	Total
	21.000,00 €	22.500,00 €	43.500,00 €

Acción 1.2	Servizo de asesoramento e soporte ao ecosistema de saúde no seu proceso de adaptación ás obrigas e oportunidades derivadas do Regulamento de Intelixencia Artificial (e dispositivos sanitarios)
Obxectivo	Acompañar o tecido produtivo (fornecedores de tecnoloxía sanitaria) e os centros sanitarios ou axentes análogos (responsables do despregamento ou provedores <i>in house</i>) no cumprimento das obrigas derivadas do RIA —con especial énfase nos algoritmos de alto risco— e dos Regulamentos de dispositivos médicos e dispositivos médicos <i>in vitro</i> nos niveis de risco que esixan a conformidade dun organismo notificado, co fin de fomentar o desenvolvemento de tecnoloxías sanitarias en Galicia con garantías de ser conformes coa normativa vixente.
Actividades	• Servizos de acompañamento na adecuación das políticas internas das entidades do ecosistema de saúde ás esixencias do Regulamento de Intelixencia Artificial. • Definición e aplicación dun procedemento de valoración técnica e normativa de solucións tecnolóxicas sanitarias. • Implantación dun proceso de asesoramento a provedores tecnolóxicos (<i>in house</i> ou comerciais) no proceso de obtención do Mercado CE para os seus produtos sanitarios con IA.
Impactos cualitativos agardados	• Impulso ao proceso de adaptación do ecosistema de saúde galego ás obrigas establecidas no RIA. • Fomento do desenvolvemento e comercialización de solucións tecnolóxicas sanitarias con ou sen IA desde Galicia, con garantías normativas para superar a súa avaliación por parte de organismos notificados.
Indicadores cuantitativos	• 10 entidades asesoradas na adecuación das políticas internas ás esixencias do Regulamento de Intelixencia Artificial. • 2 provedores tecnolóxicos asesorados (<i>in house</i> ou comerciais) no proceso de obtención do Mercado CE para os seus produtos sanitarios con IA.
Entregables	• Memoria dos servizos de acompañamento na adecuación das políticas internas das entidades do ecosistema de saúde ás esixencias do Regulamento de Intelixencia Artificial. • Informe de resultados do procedemento de valoración técnica e normativa de solucións tecnolóxicas sanitarias. • Memoria do proceso de asesoramento de provedores tecnolóxicos (<i>in house</i> ou comerciais) no proceso de obtención do Mercado CE para os seus produtos sanitarios con IA.

Orzamento	2026	2027	Total
	42.500,00 €	22.500,00 €	65.000,00 €

Acción 1.3	Radar de oportunidades para o ecosistema de saúde: opcións de financiamento e participación en proxectos vinculados á saúde dixital, especialmente respecto da Intelixencia Artificial e os espazos de datos		
Obxectivo	Establecer un mecanismo de información continua para o ecosistema galego de saúde sobre as diferentes oportunidades existentes do seu interese, que comprenderían principalmente opcións de financiamento comunitario, estatal e rexional en materia de saúde dixital —con especial énfase na IA e no EHDS— e alternativas de participación activa en espazos de datos.		
Actividades	• Implantación dun mecanismo de información periódica ao ecosistema acerca das oportunidades de financiamento existentes e das opcións de participación en iniciativas de IA/EHDS. • Servizo de asesoramento legal e de intermediación para a integración de entidades do ecosistema de saúde en espazos de datos existentes.		
Impactos cualitativos agardados	• Impulso á captación de financiamento destinado a iniciativas de saúde dixital (IA/EHDS principalmente) por parte das entidades do ecosistema galego de saúde. • Incremento da participación de entidades do ámbito sanitario (posuidoras e usuarias) en espazos de datos e fomento do cumprimento dos requisitos do EHDS.		
Indicadores cuantitativos	• 20 entidades asesoradas sobre as oportunidades de financiamento e participación en iniciativas de IA/EHDS identificadas. • 8 entidades asesoradas sobre as implicacións legais e técnicas para a súa integración en espazos de datos existentes.		
Entregable	• Memoria global de oportunidades de financiamento e participación en iniciativas de IA/EHDS identificadas. • Informe de resultados do servizo de asesoramento legal e intermediación para a integración de entidades do ecosistema de saúde en espazos de datos existentes.		
Orzamento	2026	2027	Total
	15.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €

ACTUACIÓN 2. CUSTOS RELATIVOS AO FUNCIONAMENTO DO CLUSTER SAÚDE DE GALICIA (CSG)

Acción 2.1		Premios RIES	
Obxectivo	Recoñecer e visibilizar as mellores prácticas, proxectos e entidades que impulsan a innovación, a transferencia de coñecemento e o impacto social no ámbito da saúde e da biotecnoloxía en Galicia, fortalecendo o liderado do CSG como axente tractor da innovación sanitaria.		
Actividades	• Deseño e convocatoria anual dos Premios RIES nas súas diferentes categorías. • Recepción e avaliación de candidaturas por parte dun comité técnico especializado. • Organización do acto de entrega durante o Fórum RIES, con presenza institucional, empresarial e mediática.		
Impactos cualitativos agardados	• Fortalecemento da marca Fórum RIES como punto de encontro internacional de referencia. • Maior cohesión e recoñecemento dentro da comunidade do CSG. • Promoción da cultura de innovación, colaboración e responsabilidade social no ecosistema galego de saúde.		
Indicadores cuantitativos	A) 1 convocatoria anual dos Premios RIES. B) 5 categorías premiadas por edición. C) 30 candidaturas recibidas no bienio. D) 400 asistentes acumulados nos actos de entrega.		
Entregables	• Dossier de candidaturas e acta de resolución dos Premios RIES. • Memoria audiovisual e dossier de prensa do acto de entrega. • Reporte de impacto en medios e redes.		
Orzamento	2026	2027	Total
Persoal	0,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
Servizos externos	12.500,00 €	14.500.00 €	27.000,00 €
Gastos de viaxes	3.250.00 €	4.565,00 €	7.815,00 €

Acción 2.2		Presenza Institucional e Representación Internacional do CSG	
Obxectivo		Consolidar a presenza institucional do Cluster Saúde de Galicia (CSG) en foros e redes internacionais do ámbito da saúde, a biotecnoloxía e a innovación, reforzando progresivamente o seu papel como interlocutor de referencia e axente de conexión entre Galicia e outras rexións internacionais de referencia.	
Actividades		• Participación selectiva en foros e encontros internacionais prioritarios, aliñados cos eixos estratéxicos do CSG (saúde dixital, IA, lonxevidade, sustentabilidade e biotecnoloxía). • Representación do ecosistema galego en misións institucionais concretas promovidas pola Xunta de Galicia.	

	• Difusión da marca Galicia Health Region. • Establecemento de alianzas iniciais con clústeres e entidades afíns. • Apoio e soporte loxístico.		
Impactos cualitativos agardados	A) Presenza institucional do CSG en eventos internacionais estratéxicos. B) Reforzo da visibilidade de Galicia como rexión innovadora en saúde. C) Inicio de novas relacións con entidades e redes internacionais relevantes. D) Mellora do posicionamento do ecosistema de saúde galego.		
Indicadores cuantitativos	d) Participación en 2 eventos ou foros internacionais por ano. e) 10 reunións bilaterais mantidas con entidades ou redes internacionais. f) 3 acordos ou colaboracións incipientes identificadas.		
Entregables	g) 1 informe anual de resultados e seguimento.		
Orzamento	2026	2027	Total
Persoal	10.348,48 €	14.500,00 €	24.848,48 €
Servizos externos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Gastos de viaxes	5.250,00 €	10.500,00 €	15.750,00 €

Acción 2.3	Comunicación institucional, visibilidade e difusión internacional da marca "Galicia, the best way in biotechnology"
Obxectivo	Reforzar a visibilidade institucional e a proxección exterior de Galicia no ámbito da biotecnoloxía e da saúde mediante accións de comunicación, difusión e produción de contidos, apoiando a correcta utilización e estendido da marca "Galicia, the best way in biotechnology".
Actividades	Comunicación externa e actualización da páxina web corporativa do CSG Actualización, mellora e mantemento da páxina web corporativa do CSG, en especial das seccións dedicadas á biotecnoloxía, á saúde e á proxección internacional de Galicia. Revisión da estrutura, navegación e contidos para facilitar o acceso á información clave do ecosistema galego por parte de axentes nacionais e internacionais. Publicación periódica de información institucional relevante para público profesional e internacional. Aplicación e extensión da marca "Galicia, the best way in biotechnology" • Adaptación e uso dos materiais e identidade xa existentes, garantindo a súa correcta aplicación en materiais corporativos, webs, redes sociais e comunicación institucional. • Elaboración de pezas gráficas e materiais divulgativos empregando

	as directrices definidas. Producción de materiais divulgativos e informativos • Elaboración de informes visuais, fichas informativas e contidos gráficos orientados á proxección exterior. Health Experience Atlas • Documentación divulgativa de casos de éxito e boas prácticas do ecosistema. • Producción audiovisual básica (vídeos, entrevistas, reportaxes breves) para reforzar a visibilidade exterior. • Mantemento dun repositorio divulgativo en formato dixital. Apoio comunicativo á presenza internacional do CSG • Preparación de materiais e contidos de difusión asociados á participación do CSG en eventos internacionais • Difusión en redes e canles institucionais das actividades internacionais relevantes.		
Entregable	• Páxina web corporativa do CSG actualizada e mellorada, con especial foco na información dirixida a axentes nacionais e internacionais do sector biotech-saúde. • Materiais corporativos adaptados á marca "Galicia, the best way in biotechnology". • Informes visuais e materiais divulgativos anuais. • Repositorio audiovisual e documental Health Experience Atlas. • Materiais e informes de comunicación asociados á participación do CSG en eventos internacionais.		
Impactos cualitativos agardados	• Posicionamento de Galicia como rexión europea líder en saúde dixital e IA. • Maior cohesión e visibilidade do ecosistema galego baixo unha marca común recoñecida internacionalmente. • Incremento da cooperación internacional e das oportunidades de investimento. • Consolidación do Fórum RIES como foro de referencia en tendencias en saúde e biotecnoloxía.		
Indicadores cuantitativos	• 100 entidades visibilizadas a través dos recursos comunicativos do CSG. • 20 materiais audiovisuais ou gráficos elaborados. • 2 paquetes anuais de materiais para eventos internacionais. • 1 páxina web corporativa actualizada e operativa co novo esquema de contidos.		
Orzamento	2026	2027	Total
Persoal	6.106,07 €	18.000,00 €	24.106,07 €

Servizos externos	20.000,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €
Gastos de viaxes	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Acción 2.4	Capacidades técnicas e operativas para o soporte das iniciativas do CSG no eido biotech-saúde e IA aplicada
Obxectivo	Dotar ao Cluster Saúde de Galicia das capacidades operativas, metodolóxicas e de coordinación necesarias para apoiar o desenvolvemento das súas iniciativas no ámbito biotecnolóxico, sanitario e da intelixencia artificial aplicada á saúde, garantindo un funcionamento áxil, estruturado e orientado a resultados.
Actividades	• Coordinación e planificación das iniciativas do CSG relacionadas coa biotecnoloxía, saúde e IA aplicada. • Elaboración de documentación, materiais técnico-divulgativos e informes asociados ás diferentes liñas de traballo. • Optimización de procedementos internos que faciliten a execución de actividades vinculadas á saúde dixital, a biotecnoloxía e á intelixencia artificial aplicada. • Utilización e mantemento de ferramentas tecnolóxicas de planificación, colaboración e análise que melloren a organización das actividades do clúster. • Organización de encontros técnicos, sesións de traballo e actividades de intercambio con entidades do ecosistema. • Soporte operativo nas interaccións con axentes sectoriais, institucións e empresas tecnolóxicas. • Dispoñibilidade e uso de espazos de reunión e traballo colaborativo necesarios para o desenvolvemento das actividades impulsadas polo CSG.
Entregable	• Relatorio final das tarefas de coordinación, soporte operativo e actividades desenvolvidas.
Impactos cualitativos agardados	• Reforzo das capacidades do CSG para estruturar e executar actividades especializadas en biotecnoloxía, saúde dixital e IA aplicada. • Optimización dos procesos que sustentan o desenvolvemento das iniciativas do clúster. • Mellora da coordinación con entidades e axentes tecnolóxicos. • Impulso das dinámicas de colaboración e intercambio de coñecemento. • Dispoñibilidade de medios e recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades previstas.
Indicadores cuantitativos	• 8 reunións técnicas ou de coordinación realizadas. • 4 avaliacións internas realizadas. • 2 ferramentas tecnolóxicas de seguimento implemmentadas. • 1 espazo dedicado.

Orzamento	2026	2027	Total
Persoal	5.000,00 €	14.000,00 €	19.000,00 €
Servizos externos	8.000,00 €	8.571,36 €	16.571,36 €
Gastos de viaxes	0,00 €	0,00 €	0,00 €

ANEXO II

		2026	2027	Total
TOTAL ORZAMENTO		163.045,46 €	186.363,63 €	349.409,09 €
TOTAL AXUDA		125.000,00 €	125.000,00 €	250.000,00 €
ACHEGA CSG		38.045,46 €	61.363,63 €	99.409,09 €
Conceptos				
Acción 1.1	Servizos externos	21.000,00 €	22.500,00 €	43.500,00 €
Acción 1.2	Servizos externos	42.500,00 €	22.500,00 €	65.000,00 €
Acción 1.3	Servizos externos	15.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €
Subtotal Actuación 1	Custos Actuación 1	78.500,00 €	50.000,00 €	128.500,00 €
	Axuda (100%)	78.500,00 €	50.000,00 €	128.500,00 €
Acción 2.1	Persoal		9.000,00 €	9.000,00 €
	Servizos e subcontratación	12.500,00 €	14.500,00 €	27.000,00 €
	Gastos de viaxe	3.250,00 €	4.565,00 €	7.815,00 €
Acción 2.2	Persoal	10.348,48 €	14.500,00 €	24.848,48 €
	Servizos e subcontratación			- €
	Gastos de viaxe	5.250,00 €	10.500,00 €	15.750,00 €
Acción 2.3	Persoal	6.106,07 €	18.000,00 €	24.106,07 €
	Servizos e subcontratación	20.000,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €
	Gastos de viaxe			- €
Acción 2.4	Persoal	5.000,00 €	14.000,00 €	19.000,00 €
	Servizos e subcontratación	8.000,00 €	8.571,36 €	16.571,36 €
	Gastos de viaxe			- €
Subtotal por conceptos Actuación 2	Persoal	21.454,55 €	55.500,00 €	76.954,55 €
	Servizos e subcontratación	40.500,00 €	43.071,36 €	83.571,36 €
	Gastos de viaxe	8.500,00 €	15.065,00 €	23.565,00 €
	Total Custos Directos Actuación 2	70.454,55 €	113.636,36 €	184.090,91 €
	Custos indirectos (20% Custos directos)	14.090,91 €	22.727,27 €	36.818,18 €
Subtotal Actuación 2	Custos Actuación 2	84.545,46 €	136.363,63 €	220.909,09 €
	Axuda (55%)	46.500,00 €	75.000,00 €	121.500,00 €

		2026	2027	Total
TOTAL PRESUPUESTO		163.045,46 €	186.363,63 €	349.409,09 €
TOTAL AXUDA		125.000,00 €	125.000,00 €	250.000,00 €
ACHEGA CSG		38.045,46 €	61.363,63 €	99.409,09 €

ANEXO III

Dona María Rocío Mosquera Álvarez, na súa condición de presidenta do Clúster Saúde de Galicia (en adiante CSG) con NIF G70308143 e sede na Avda. Fernando de Casas Novoa, núm. 37, edificio CNL, Portal A-B, 1º andar. San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación desta en uso das atribucións que lle confire o artigo 12 dos Estatutos desta entidade e en virtude da aceptación do cargo de presidenta da data 29.06.2023.

MANIFESTA:

Que a antedita entidade subscribiu o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a asociación Clúster Saúde de Galicia para a implementación dun plan de actividades para impulsar a competitividade, a innovación e a transferencia no tecido empresarial galego do sector saúde no período 2026-2027. A contía da axuda é:

ANUALIDADE 2026	ANUALIDADE 2027	TOTAL AXUDA
125.000,00 €	125.000,00 €	250.000,00 €

SOLICITA:

O pagamento anticipado do % da anualidade

MOTIVO DA SOLICITUDE DO ANTICIPO

DECLARA:

Ter iniciado ou estar continuando coas actividades do plan dende ou na data

ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

☐ Declaración de axudas solicitadas ou concedidas.

☐ Certificación de titularidade da conta bancaria.

A identificación da conta bancaria onde farase o pagamento:

IBAN:

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DATA	

